

EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA (PONTEVEDRA)

ANUNCIO

Previos os informes e trámites preceptivos, en data 29 de xaneiro de 2018, o Alcalde ditou a súa Resolución núm. 2018-0108, en virtude da que aprobou inicialmente o proxecto dos Estatutos e das Bases de Actuación relativos á Xunta de Compensación a constituír en sede do Plan Parcial do sector de solo urbanizable delimitado SUD-R06-Avda. de Vigo (promovido por Dna. María del Carmen, D. Alejandro e D. Juan José Sobrino Granja, e Sol de Salema, S.L. - actualmente, Iberian Retail Parks, S.L.).

Igualmente, ordeou someter o significado proxecto dos Estatutos e das Bases de Actuación a trámite de información pública polo prazo de 1 mes a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia e nun dos xornais de maior difusión, sen prexuízo da súa inserción no Taboleiro municipal de editos e anuncios, e na páxina *web* municipal.

Asemade, notificala de forma individual aos propietarios ou titulares de dereitos patrimoniais no polígono, a fin de que, por idéntico termo, formulen as alegacións pertinentes sobre o proxecto das Bases de Actuación e dos Estatutos e soliciten a súa incorporación.

Á fin da incorporación, os propietarios non promotores do proxecto teñen dereito de adherirse e incorporarse a el e, con iso, á futura Xunta de Compensación, debendo formularse a incorporación mediante escrito dirixido ao Concello dentro do prazo que dura a información pública. Xuntarase ao citado escrito a documentación acreditativa da titularidade da/s parcela/s do propietario.

A aprobación definitiva do proxecto de Estatutos e de Bases de Actuación quedará condicionada á aprobación previa definitiva do planeamento que conteña a ordenación detallada.

Concluída a fase de información pública, o órgano municipal competente deberá outorgar a aprobación definitiva no prazo máximo de 1 mes; transcorrido este, entenderase aprobado por silencio administrativo sempre que se producise anteriormente a aprobación definitiva do planeamento que conteña a ordenación detallada.

Lugar e horario de exhibición: dependencias do Departamento de Urbanismo, Casa Consistorial (3º andar). De luns a venres (agás festivos), entre as 09:00 e as 14:00 horas.

A Estrada, 29 de xaneiro de 2018
O ALCALDE,
Asdo./ José C. López Campos.
(Documento asinado dixitalmente ao marxe)